



Concello de Vilasantar
(Rúa s/n 15807 Vilasantar-Galiza)
www.vilasantar.com

ACTA Nº 2017/07
PLENO XOVES 19 DE OUTUBRO DE 2017

ACTA Nº 2017/1

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
XOVES 19 DE OUTUBRO DE 2017 -



Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO PÉREZ FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG

JOSÉ ANTONIO COTOS SEOANE

ÁLVARO XESUS GARCÍA FREIRE

PP

OSCAR VÁZQUEZ CORRAL

JESÚS GÓMEZ GARCÍA

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO

JOSÉ EMILIO MAHIA NEIRA

MARÍA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

AUSENCIAS:

BNG

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ

SECRETARIO:

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DESTE CONCELLO O XOVES
19 DE OUTUBRO DE 2017 -**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Control dos actos dos órganos de goberno (XGL e alcaldía)
- 3.- Proposta de alcaldía de modificación do IBI
- 4.-Moción do PP de FCSE
- 5.- Moción do BNG de Pazo de Meirás
- 6.-Rogos e preguntas.

1.- Aprobación de actas anteriores (00' 17")

A continuación dá conta de que a acta 06/17 do 17 de agosto, foi remitida o día 1 de setembro e pregunta aos presentes se teñen algo que dicir respecto da mesma.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire aclara que eles non teñen nada que dicir, pois marcharon da sesión. De todos xeitos fai unha aclaración no sentido de que considera que as preguntas no pleno diríxense ao grupo de goberno, por tanto non se poden facer preguntas dende o goberno á oposición, producíndose un



amplo debate, indicando Álvaro García Freire que quere que conste a súa aclaración pois a normativa é moi clara, a oposición controla ao goberno e non pode ser controlada por este, contestando o alcalde que o goberno non controla á oposición, debate e, para debater, pregunta.

Sometida a votación a aprobación da acta 06/2017 apróbase por 6 votos a favor (PP) e 2 abstencións (BNG).

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (07' 54")

O alcalde dá conta das actas remitidas da Xunta de goberno local, dende a número 15-17 ata a 20/17, do 06-10-2017 que se enviou o 11-10-2017, incluídas, o que confirman os concelleiros presentes que é certo, indicando José Antonio Cotos Seoane que as recibiron todas xuntas, non de unha en unha como dicía o alcalde, quen aclara que as datas que dixo referíanse ás de correo electrónico, as de José A. Cotos, ao ir por correo, remitíronselle xuntas.

Confirmada a recepción das actas da XGL, que inclúen os decretos, e non habendo intervencións, pásase ao seguinte punto da orde do día.

3.- Proposta de alcaldía de bonificación do Imposto de Bens Inmóbeis (IBI). (09' 11")

O alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta da proposta que realiza a alcaldía de Modificación da Ordenanza de Bens Inmóbeis para incluír unha serie de bonificacións, xustificando a proposta na recente revisión catastral feita neste concello e coa intención de que poida estar totalmente tramitada antes do 1 de xaneiro.

A continuación le integramente a proposta de bonificación, que se remitira aos concelleiros xunto coa convocatoria.

A continuación comenta as razóns polas que propón a aprobación destas bonificacións, explicando que unha mesma referencia catastral pode ter diferentes unidades construtivas e, na súa proposta, se todas elas teñen uso agrario, gandeiro ou forestal, terán dereito ao 95% de bonificación, se algunhas si teñen ese uso e outras non, a bonificación desa referencia catastral será sempre do 50% e se ningunha a ten, non haberá bonificación ou se algunha construción ten unha actividade económica distinta do sector primario (bar, aserradeiro...)

Tendo transcorridos (14' 03") toma a palabra o portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane, quen pide aclaracións sobre casos concretos (viviendas con corte no baixo),



producíndose un debate con intervención de Álvaro García Freire, quen concreta a pregunta en si, nese caso, sería o 95% ou o 50%, contestando o alcalde que ese caso habería que estudalo e se se demostra que se adica só ao sector primario sería o 95% e senón o 50%.

A continuación pon o caso dos garaxes, contestando o alcalde que, nese caso, a maioría das ordenanzas non bonificaría, e nós propomos facelo ao 50%.

A continuación o alcalde indica que, de aprobarse esta proposta, inmediatamente poríamonos co expediente para que sexa informada o antes posíbel pola Comisión de contas e o pleno, para que entre en vigor no próximo exercicio.

A continuación informa da importancia que sempre tivo e cada vez máis este tributo para os concellos, que se convirte con diferenza no máis importante dos que teñen, e no caso de Vilasantar, aínda máis, pola ausencia de industria. Nos últimos anos este imposto ten crecido en Galiza nun 30% nos últimos anos, preguntando Álvaro García Freire (BNG) canto subiu en Vilasantar e contestando o alcalde que non pode contestar aínda pois agora mesmo estanse cobrando a maiores catro anos de atrasos. Calcula que finalmente será da orde do 30%.

Tendo transcorridos (22' 56") toma a palabra o portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane sobre as edificacións do sector primario en desuso, en moitos casos de pensionistas e que non se recollen na proposta. O alcalde contesta que a pretensión da modificación proposta é bonificar ao sector primario que é o que sustenta á economía do noso concello. No transcurso do debate o alcalde comenta que xa se ten falado deste tema en plenos anteriores e que non se aprobou porque non quixo o BNG, contestando estes que quen non quixo foi o PP. O alcalde le partes da acta 03/2017, na que o propio alcalde propuxo transaccionar as bonificacións da moción presentada polo BNG e a portavoz negouse dicindo que a moción tiña que votarse toda, contestando José A. Cotos Seoane que o que di el e que o tema do desuso xa foi comentado neste salón de sesións.

Finalmente o alcalde pregunta se a lei permite bonificar construcións porque non teñan un uso, contestando Álvaro X. García Freire (BNG) que eles van traer unha proposta, tanto do IBI como de outras ordenanzas fiscais.

Toma a palabra o portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane que di que se podería bonificar aos pensionistas do réxime primario e insistindo en que nesta situación hai moita xente.

O alcalde comenta que esta proposta de modificación de ordenanza está aprobada pola deputación provincial e que é a mellor, contestando Álvaro García Freire que esa é a



opinión do alcalde e que pode haber redaccións mellores, que se ata agora subimos impostos e recadamos máis haberá que pensar en baixar algo

A continuación o alcalde fai unha comparativa da imposición do IBI de Vilasantar e que a recadación real o 82,5% é de solo urbano e o 17,4% é do rústico. En Vilasantar temos o IBI ao 0,5% en urbana e 0,65% en rústica. Di que o concello máis caro en IBI da provincia é do BNG (San Sadurniño) continuando a mencionar concellos que o teñen máis altos que Vilasantar. Despois dá datos de recibos de RSU, mencionando concellos da rotonda que o teñen máis altos, de IVTM en que di que estamos na media e da Taxa da auga en que considera que somos as irmanciñas da caridade da provincia. Vós consideraredes que temos uns impostos altos pero nós dicimos o que hai.

Finalmente pregunta se con respecto a proposta a oposición quere aportar algo máis ou se vai votar así, contestando Álvaro García Freire que eles vansen abster.

Por indicación do secretario o alcalde define os termos da votación, que, tras un moi breve debate, fíxase en “proposta para iniciar un expediente de bonificación nos termos que se recollen na proposta da alcaldía”.

Transcorridos 36'42", procédese á votación, sendo aprobada a proposta por 6 votos a favor (PP) e 2 abstencións (BNG).

4.- Mocións (36' 56").

A continuación dáse conta das seguintes mocións:

A/ Moción presentada polo grupo municipal do PP sen Rexistro de entrada, de data 16 de outubro de 2017 relativa á para apoiar e respaldar ás forzas e corpos de seguridade do estado como garantes do estado de dereito (36' 56").

A moción, presentada polo grupo municipal do PP, únese como anexo I á presente acta.

O portavoz do PP e alcalde do concello Fernando Pérez Fernández, explica a proposta, len practicamente o contido total da moción e literalmente a proposta de acordo, traducido directamente ao galego, matizando o punto primeiro do acordo considérao negociábel. A proposta de acordo é a seguinte:

O concello de Vilasantar manifesta:

1.- O seu apoio e respaldo incondicional ao Rei e ao que a SM expuxo na súa alocución pública o día 3 de outubro pasado.



2.- O seu apoio e respaldo incondicional á policía nacional e á garda civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos os cidadáns e, especialmente, e desde a legalidade constitucional, da soberanía nacional, o estado de dereito, a democracia e a convivencia entre os españois.

3.- A súa condena ao acoso sistemático ao que os seus membros está sendo sometidos mediante actos violentos, independentemente da ideoloxía en que se amporen, así como calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore ditos actos, rexeitando en consecuencia toda conduta antidemocrática que atente contra a convivencia en paz e liberdade e que trate de socavar os fundamentos da nosa democracia.

Ademais, insta ao conxunto das institucións españolas a:

4.- Utilizar con determinación e firmeza, así como dende a proporcionalidade e oportunidade, todos os mecanismos que, en defensa da soberanía do pobo español e do interese xeral de España, lle atribúen a constitución e as leis.

5.- Actuar, coas ferramentas do estado de dereito, contra as iniciativas que pretendan dende a ilegalidade e contra a vontade democrática do conxunto do pobo español conculcar o noso marco constitucional e a unidade de España.

A petición anterior remitírase ao Presidente e a Vicepresidenta do goberno de España, aos Ministros de xustiza e de interior do goberno de España, aos portavoces dos grupos parlamentarios do congreso e do senado, aos portavoces dos grupos parlamentarios da cámara autonómica e a Xunta de goberno da FEMP.

A continuación (42' 24") toma a palabra o portavoz do BNG Álvaro García Freire quen antes de iniciar a súa intervención indica que a contestación tena por escrito, pasándolle a mesma ao secretario, e que se unirá como anexo II, e que en resume di:

-O BNG reconece o labor de todos os corpos adicados á seguridade pública, non exclusivamente aos mencionados na moción, mais que dito reconecemento non pode amparar actuacións indiscriminadas derivadas de equivocadas decisións políticas. Lamentan que nin Rajoy nin o rei fixeran referencia á situación de violencia. Continúan indicando que, malia as distintas posicións habidas no Consello de Europa sobre o fondo do conflito catalán, a maioría das reseñas dos medios de comunicación recollen a crítica á desmedida reacción policial o día 1-O. Semellante foi a declaración de Human Right Watch ou o xulgado de instrución nº 7 de Barcelona. Menciona os chamamentos ao dialogo. Foron os erros políticos dos responsábeis do PP os que levaron á policía estatal e a garda civil a unhas actuacións violentas e desproporcionadas. En resume, o PP pretende parapetarse tras a solidariedade aos axentes e efectivos policiais.



ACTA Nº 2017/07
PLENO XOVES 19 DE OUTUBRO DE 2017

Presentan, en resume, a seguinte emenda á proposta de acordo: “O pleno da corporación insta ao Goberno do estado a exercer o diálogo para resolver a crise en Catalunya, e lamenta as situacións de violencia que afectaron á cidadanía e corpos de seguridade cidadá pola irresponsabilidade política do Goberno do estado”.

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que está disposto sen problemas a incluír na moción ao resto das formas de seguridade mencionadas no escrito do BNG. Que quen mandou entrar nos colexios electorais foron os xuíces, ordenando á garda civil que se personasen nos colexios ás seis da mañá, pois antes xa os Mossos terían que ter habilitado o paso, pero en vez diso os mossos e a cidadanía xa estaban impedindo a entrada da policía e a garda civil neses locais realizando actividades como acampadas, que lle parece ben, pero iso explica a situación de violencia, pois as forzas policiais tiveron que entrar nun sitio que xa estaba ocupado. En canto ao dialogo, considera que é importantísimo, sempre dentro da lei. Os imputados estano por non cumprir a lei.

Finalmente indica que respecta a moción do BNG, e que o seu grupo comparte integramente á moción presentada polo seu grupo, que o dialogo está ben, pero a súa moción pretende o apoio ás forzas e corpos de seguridade.

A continuación intervén Álvaro García Freire quen indica que, pase o que pase, Catalunya e o País Vasco van gañar e Galiza vai perder, criticando a actuación de Feijoo, que está desaparecido, só di amén a todo. E que na seguridade habería que falar dos incendios ou do desmantelamento da garda civil no medio rural., preocúpame a seguridade neste sentido.

O alcalde do concello Fernando Pérez Fernández, contesta que Cataluña, País Vasco e Galicia si, sempre que sexa por mecanismos legais. No que respecta aos incendios sería outro debate.

Tras un breve debate sobre os incendios e transcorridos 53' 52", procédese á votación da Moción presentada polo grupo municipal do PP relativa á para apoiar e respaldar ás forzas e corpos de seguridade do estado como garantes do estado de dereito, a cal resulta aprobada por 6 votos a favor (PP) e 2 en contra (BNG), coa seguinte redacción:

O concello de Vilasantar manifesta:

- 1.- O seu apoio e respaldo incondicional ao Rei e ao que a SM expuxo na súa alocución pública o día 3 de outubro pasado.*
- 2.- O seu apoio e respaldo incondicional á policía nacional e á garda civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberades de todos os cidadáns e, especialmente, e desde a legalidade constitucional, da soberanía nacional, o estado de dereito, a a democracia e a convivencia entre os españois.*



3.- *A súa condena ao acoso sistemático ao que os seus membros está sendo sometidos mediante actos violentos, independentemente da ideoloxía en que se amporen, así como calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore ditos actos, rexeitando en consecuencia toda conduta antidemocrática que atente contra a convivencia en paz e liberdade e que trate de socavar os fundamentos da nosa democracia.*

Ademais, insta ao conxunto das institucións españolas a:

4.- *Utilizar con determinación e firmeza, así como dende a proporcionalidade e oportunidade, todos os mecanismos que, en defensa da soberanía do pobo español e do interese xeral de España, lle atribúen a constitución e as leis.*

5.- *Actuar, coas ferramentas do estado de dereito, contra as iniciativas que pretendan dende a ilegalidade e contra a vontade democrática do conxunto do pobo español conculcar o noso marco constitucional e a unidade de España.*

B/ Moción presentada polo grupo municipal do BNG sen Rexistro de entrada nin data relativa á Moción Pazo de Meirás (54' 52").

A moción, presentada polo grupo municipal do BNG, únese como anexo III á presente acta.

O portavoz do BNG José A. Cotos Seoane explica a proposta léndoa literalmente. A proposta de acordo é a seguinte:

1. Declarar á familia do ditador e á Fundación Franco non gratas no concello de Vilasantar.
- 2.- Adherirse á proposta aprobada polo pleno da corporación municipal de Sada instando á Xunta de Galiza para que sexa ese concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.
- 3.- Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.
4. Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta pola devolución do Pazo de Meirás” da que forman parte como entidades promotoras a Deputación provincial da Coruña, os



concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola recuperación da memoria histórica da Coruña e a Iniciativa galega pola memoria.

5.- Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

A continuación (57' 57") toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández quen indica que está totalmente de acordo, salvo que pensan que non permanece o franquismo, eu estou en contra do franquismo e da figura de Franco, unha palabra que ultimamente se usa demasiado, non creo que vivamos no franquismo.

Tamén entende que tanto a Xunta de Galicia como o resto das institucións farán o posíbel por recuperar o Pazo desta xente, pero cada un é dono das súas propiedades e se é deles é deles, o que non poden é facer apoloxía da figura de Franco.

A continuación pregunta se alguén denunciou esas declaracións (da fundación F. Franco), contestando Álvaro García Freire que si, tanto no Consello de Europa como na ONU e tamén aquí, se ben aquí non temos moita esperanza. Tamén aclara que o BNG pide a devolución, pero non a expropiación pois, en calquera caso, os donos non serían os Franco, senón o Estado.

O alcalde e portavoz do PP, Fernando Pérez Fernández di que aínda non acabara de falar, indicando que non consideran grato a Franco, como tampouco a Hitler, Mussolini ou Stalin ou Lenin pero o que non quitaría é que se diga que non é grata a familia Franco, que poden ser boa xente, contestando Álvaro García Freire que é a familia a que está actuando e Fernando Pérez Fernández que serán algúns en concreto pero que a familia de Franco será máis ampla. Finalmente propón quitar do punto 1 a palabra "familia", quedando "Declarar ao ditador...". O portavoz do BNG en funcións Álvaro García Freire, acepta a modificación.

A continuación (01h 04' 48") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación a moción a cal resulta aprobada por unanimidade dos asistentes, adoptándose en consecuencia os seguintes acordos:

1. *Declarar ao ditador e á Fundación Franco non gratas no concello de Vilasantar.*
- 2.- *Adherirse á proposta aprobada polo pleno da corporación municipal de Sada instando á Xunta de Galiza para que sexa ese concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.*



3.- *Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.*

4. *Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta pola devolución do Pazo de Meirás” da que forman parte como entidades promotoras a Deputación provincial da Coruña, os concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola recuperación da memoria histórica da Coruña e a Iniciativa galega pola memoria.*

5.- *Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.*

9.- Rogos e Preguntas (1h 05' 27")

Antes de empezar este punto o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández informa de que non se puideron incluír as preguntas na orde do día por ter chegado unha vez realizada xa a convocatoria, indicando que, independentemente do anterior, leranse e responderanse as preguntas e pedindo que se presenten con algo máis de tempo.

Le as preguntas José Antonio Cotos Seoane, portavoz do BNG.

A/ Preguntas presentadas por escrito (1h 05' 57")

A continuación dáse conta das seguintes preguntas presentadas por correo electrónico e que se reproducen a seguir:

1. Cal é a situación actual da traída de auga de San Vicenzo? A captación de auga que se fixo é suficiente para o abastecemento da parroquia? Que previsións existe polo concello para que os veciños e veciñas teñan a auga nas casas?. (1h 05' 57")

Contesta o alcalde que estamos agardando a facer a acta de recepción que será a semana que vén. A auga é abundante e chegará para abastecemento humano, malia a seca que está a haber. Aínda que se segue así a seca podería habelos pero confío na responsabilidade dos veciños. Xa se solicitou a alta en sanidade e estamos cos certificados da rede, etc.

2.-2. Estase producindo un grave deterioro dalgunhas pistas debido a recollida e traslado da madeira. Que medidas se están tomando para que os responsables se fagan cargo do amaño des pistas afectadas? (1h 08' 38").



O alcalde contesta dicindo que dentro da reforma da normativa forestal que hai que facer por mor dos incendios, debería de haber un pequeno apartado para isto que preguntades. Nós aprobamos unha ordenanza que foi copiada por varios concellos. O problema de Vilasantar é que non temos policía local. Di que xa pediu na Fegamp que houberse ordenanzas comúns en todos os concellos. En Vilasantar temos un modelo de actuación e acordo coas empresas e outro de paralización ás empresas (le os dous modelos).

Continúa dicindo que nalgúns casos serviu o modelo de acordo, pero non sempre, e que é complicado, e que por iso pedimos que todos os concellos actuemos de xeito semellante.

Álvaro García Freire pregunta de cando é a ordenanza, contestando o alcalde que é de 18 abril de 2013. A continuación engade que cre que había que facer unha moción conxunta entre todos os partidos para remitir a todos os concellos e poder regularizar a situación porque agora é moi complicada, poñendo exemplos concretos. Interrompe o concelleiro do PP, Jesús Gómez García, que menciona un caso concreto, en Casavella, de mala actuación do empresario Souto Carrillo, mentres que outros, opina, fano ben. Remata o alcalde incidindo na súa idea porque os concellos pequenos témolo máis complicado por falta de medios.

José Antonio Cotos Seoane pregunta se as empresas poñen fianza, contestando o alcalde que non e informando do procedemento de actuación que se segue neste concello e que, realmente, algúns rin dos concellos e, sobre todo, dos veciños.

3.-Como valora o concello as obras da parcelaria que están realizando nas parroquias de Barbeito e San Vincenzo?(1h 18' 51").

Contesta o alcalde que considera que a realización das parcelarias é fundamental para seguir coa actividade primaria nas parroquias. Entón a concentración parcelaria, como un todo, vai ben. Pode haber problemas concretos, poñendo o exemplo de un veciño que denunciou diante dunha asociación (Arco iris) que tivo repercusións na prensa, denunciando a tala dunha faga, cando o único que se estaba facendo eran traballos de reformulo na rede principal de concentración e podo asegurar que en Mende non se arrasou ningunha fraga. Interrompe Álvaro García Freire para indicar que o BNG non ten nada que ver con iso, que a pregunta era a nivel xeral.

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández segue explicando a situación en que se atopan os traballos. Informa que hai diferencias entre as parcelarias de Barbeito e San Vincenzo derivadas de que os proxectos de Barbeito foron feitos moito antes polo que non había que cumprir unha serie de normas que xa estaban en vigor para San Vincenzo.

4.- Existe algunha previsión para arranxar as beirarrúas de Présaras?(1h 24' 16").



Concello de Vilasantar
(Rúa s/n 15807 Vilasantar-Galiza)
www.vilasantar.com

ACTA Nº 2017/07
PLENO XOVES 19 DE OUTUBRO DE 2017

Contesta o alcalde Fernando Pérez Fernández que cada certo tempo se restitúen plaquetas concretas que estean rotas. José Antonio Cotos Seoane aclara que a pregunta se refire a se hai algún proxecto, contestando o alcalde que agora mesmo non.

Neste momento (1h 24' 51"). Álvaro García Freire (BNG) di que lle quere facer unha pregunta ao secretario, preguntándolle o alcalde que non hai problema pero quere saber en que normativa se basea, contestando Álvaro que no ROF.

A pregunta é: Houbo unha delegación de funcións por vacacións do alcalde e sen embargo aparecen cousas asinadas por el, en concreto asinadas o 26 de xullo un edito, contestando o secretario que non pode saber e que, casualmente, nesa data tamén el estaba de vacacións, pero entende que probabelmente é un erro mecanográfico, pois se o alcalde non estaba non podía asinalo.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta e un minutos (duración de 1h 27' 53"), do que eu, secretario, dou fe.

Vilasantar, venres 3 de novembro de 2017

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela


Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández



Concello de Vilasantar
(Rúa s/n 15807 Vilasantar-Galiza)
www.vilasantar.com

ACTA Nº 2017/07
PLENO XOVES 19 DE OUTUBRO DE 2017

Anexo I



MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE VILASANTAR PARA APOYAR Y RESPALDAR A LAS FUERZAS Y CUERPOS DE SEGURIDAD DEL ESTADO COMO GARANTES DEL ESTADO DE DERECHO.

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Vilasantar, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde el pasado día 20 de septiembre, fecha en la que se ordenó por parte del Juzgado de Instrucción nº 13 de Barcelona la práctica de diligencias de entrada y registro en distintas consejerías y organismos técnicos de la Generalitat de Cataluña, y hasta el domingo 1 de octubre, día en que se trató de celebrar el referéndum ilegal prohibido por el Tribunal Constitucional, las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado han sido objeto de un acoso constante con la finalidad de impedir a sus agentes el legítimo ejercicio de sus funciones.

Toda la sociedad española ha sido testigo a través de los medios de comunicación del enorme clima de hostilidad y de los numerosos ataques que han sufrido los miembros de la Policía Nacional y la Guardia Civil por el simple hecho de realizar su labor y defender el Estado de Derecho. Durante estos días, todos los ciudadanos han podido ver cómo los manifestantes los han insultado e incluso agredido, cómo han destrozado sus vehículos, cómo los han rodeado durante horas para bloquear sus salidas, cómo han informado a través de medios de comunicación de la Generalitat de sus movimientos dentro del territorio de la Comunidad Autónoma catalana con la finalidad de detatarles y señalarles.

Manifestantes sediciosos y golpistas a los que los miembros de las FCSE no dudarían en salvarles la vida, de ser el caso, arriesgando las suyas en acto de servicio.

Estos hechos han motivado que la Fiscalía de la Audiencia Nacional presentara una denuncia por sedición al considerar que serían constitutivos de éste y otros delitos.

Debe recordarse que, en el contexto descrito, el Gobierno de la Nación se ha visto obligado a adoptar medidas con objeto de garantizar el cumplimiento de la Ley en la Comunidad Autónoma de Cataluña en base a las instrucciones de la Fiscalía para impedir la celebración del referéndum ilegal y de acuerdo también a lo previsto en el artículo 38.2 de la Ley Orgánica de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad que contempla la intervención de Policía y Guardia Civil en el mantenimiento del orden público.

Las explosiones de violencia a las que nos hemos referido tienen que ver con los llamados delitos de odio y son incompatibles con cualquier sistema democrático.



No liene cabida, por tanto, ningún tipo de actitude violenta ou coacción con o fin de defender un posicionamento político ou ideolóxico. A violencia é simplemente violencia, sin que quepa justificación alguna atendendo a la finalidade pretendida por os autores ou impulsores, por lo que todos os cidadanos, e especialmente os representantes públicos, deben estar unidos en la condena de toda violencia, sin disculpar ou minimizar en ningún caso feitos que puedan atentar contra la liberdade e la integridade das persoas.

Es deber e obrigaón de todos os partidos democráticos rechazar e condenar rotunda e sistemáticamente cualquier comportamento de natureza violenta - independentemente de la ideoloxía en que se amparen- así como cualquier acción justificativa de los mismos, e mostrar su apoio a las Fuerzas e Cuerpos de Seguridade del Estado en su labor de defensa e protección de los derecos e liberdades de todos los cidadanos, de todos los españoles. Es injusto e intolerable que se les trate como enemigos cuando los guardias civiles e los policías nacionais son servidores públicos que cumplen con la responsabilidade de garantir la liberdade de todos e el libre exercicio de nuestros derecos.

Los homes e mulleres que integran estos Cuerpos están comprometidos con la seguridade de España e de los españoles, e dedican sus vidas a salvaguardar la convivencia, la seguridade e la tranquilidad de sus conciudadanos, mereciendo por ello el cariño, la admiración e el respeto del conxunto de la sociedade española. Es por ésta e por otras muchas razones por las que la Policía Nacional e la Guardia Civil son las dos institucións públicas que más confianza generan según figura en el barómetro del CIS del año 2015, pues gracias a su servico diario estamos consiguiendo que España sea en la actualidade uno de los países más seguros del mundo.

Representantes públicos como nosotros, los miembros del Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de Vilasantar, que hemos jurado cumplir las obligaciones de nuestro cargo conforme al artículo 1 del Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, o sea, con lealtad al Rey e guardar e hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado, por todo lo expuesto, presentamos la siguiente

MOCIÓN:

El Ayuntamiento de Vilasantar manifiesta:

- 1. Su apoio e respaldo incondicional al Rey e a lo que SM expuso en su alocución pública del día 3 de octubre pasado.*
- 2. Su apoio e respaldo incondicional a la Policía Nacional e a la Guardia Civil en su labor de defensa e protección de los derecos e liberdades de todos los cidadanos e, especialmente, e desde la legalidade constitucional, de la soberanía nacional, el Estado de Derecho, la democracia e la convivencia entre los españoles.*




3. *Su condena al acoso sistemático al que sus miembros están siendo sometidos mediante actos violentos, independientemente de la ideología en que se amparen, así como cualquier tipo de acción o declaración que justifique, ampare o minusvalore dichos actos, rechazando en consecuencia toda conducta antidemocrática que atente contra la convivencia en paz y libertad y que trate de socavar los fundamentos de nuestra democracia.*

Además, insta al conjunto de las Instituciones españolas a:

4. *Utilizar con determinación y firmeza, así como desde la proporcionalidad y oportunidad, todos los mecanismos que, en defensa de la soberanía del pueblo español y del interés general de España, le atribuyen la Constitución y las Leyes.*
5. *Actuar, con las herramientas del Estado de Derecho, contra las iniciativas que pretendan, desde la ilegalidad y contra la voluntad democrática del conjunto del pueblo español, conculcar nuestro marco constitucional y la unidad de España.*

Para su conocimiento se acuerda finalmente, trasladar esta petición al Presidente y a la Vicepresidenta del Gobierno de España, a los Ministros de Justicia y de Interior del Gobierno de España, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios del Congreso y del Senado, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios de la Cámara autonómica, y a la Junta de Gobierno de la FEMP.

En Vilasantar, a 16 de octubre de 2017.


Fdo. Fernando Pérez Fernández.
PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR.



Anexo II



POSICIONAMENTO DIANTE DA MOCIÓN DO P.P. PARA RESPALDAR AS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO

En primeiro lugar, cómpre afirmar que a seguridade cidadá está por riba das diferencias partidistas, é un servizo público básico que deben asegurar os poderes públicos no marco das súas competencias. O BNG reconece polo tanto, o labor de todos os corpos adicados á seguridade pública, non exclusivamente de determinados como se cita na moción, senón que debe ampliarse a outros colectivos, tanto os comprendidos dentro da normativa de forzas e corpos de seguridade (que non cita a moción como as policías locais), como tamén outros que sen estar directamente regulados na lexislación citada de corpos e forzas de seguridade, actúan no ámbito –entendido en sentido amplo- da protección e seguridade cidadá, como os que perseguen a corrupción ou actúan para protexer o medio ambiente, tal é o caso da policía xudicial da Garda Civil (UCCO), o Seprona, as que perseguen delitos económicos ou o narcotráfico (caso dos axentes de vixilancia alíandegueira (SVA) ou mesmo o colectivo de axentes forestais, que tamén son axentes de seguridade na loita contra os incendios.

Mais, este recoñecemento non pode amparar actuacións indiscriminadas motivadas por mandos que actúan por imperativo de equivocadas decisións políticas gobernamentais, como foi no caso de Catalunya.

Este xoves, día 12 de outubro, a asemblea do Consello de Europa centrou o seu debate na condena á violencia, a necesidade do diálogo e o respecto á lei, para atopar unha solución política para a crise en Catalunya. O presidente de ALDE (alianza dos liberais e democratas por Europa), sinalou que a liberdade de expresión e de reunión é incompatible coa violencia que observaron o pasado 1 de outubro, lamentando que nin Rajoy nin o Rei fixeran referencias ao que pasou. Engadindo ademais que Madrid e Barcelona teñen que ofrecer diálogo, deixando de lado o orgullo político e os cálculos electorais.

Outras voces no Consello de Europa teñen demandado emendar a lei para permitir o referéndum, porque a participación cidadá é máis importante que a lei. Ou o conservador británico que afirmou que o pobo catalán ten dereito a escoitar a súa voz, ao igual que fixo o pobo escocés en Gran Bretaña.

Malia as distintas posicións habidas nesa institución Europea sobre o fondo do conflito político catalán, as maioría das resñas dos medios de comunicación, tanto do Estado español como internacionais, recollen o amplo consenso habido dos distintos intervinientes respecto da crítica á desmedida reacción policial o día 1-O, dado que a ampla maioría condenaron a represión policial do 1-O, remarcando que a violencia non é admisible contra persoas que exercen dereitos democráticos. En suma, houbo una crítica xeralizada á errónea e desproporcionada reacción do goberno do Estado o 1-O, oposta a calquera regra democrática.

Tamén, a organización humanitaria, recoñecida pola intervención en moitos conflitos internacionais para protección dos dereitos humanos, Human Rights Watch, denunciou que a policía empregou de maneira excesiva a forza contra manifestantes en Catalunya, empregando porras para golpear a persoas que se resistían.



pasivamente. HRW reconece que 'pode que a policía tivera a lei da súa parte para executar unha orde xudicial, mais iso non daba dereito a usar a violencia contra manifestantes pacíficos'. En similares termos, se pronuncia un Auto do Xulgado de Instrución nº 7 de Barcelona, que afirma que 'non é ilegal nin ilícito que os cidadáns foran o domingo a colexios electorais' en exercicio do dereito de manifestación e investiga a proporcionalidade da actuación policial.

Esta ONG de dereitos civís fixo un estudo detallado da situación e advertiu ao Goberno do PP a obriga de respectar o Convenio Europeo de Dereitos Humanos ao que se adheriu o Estado español e tamén procurar a asistencia dun organismo internacional independente como mediador no conflito.

Tampouco se poden ocultar as chamadas ao diálogo, que cada vez son máis intensas e urxentes, como a que fixo estes días a organización internacional non gobernemental The Elders (Persoas Maiores, en galego), formada por un grupo de líderes globais, defensores da paz e dos dereitos humanos, que teñen instado ao diálogo e a moderación diante da crise en Catalunya logo dos feitos do 1-O.

O presidente dos Elders, Kofi Annan, respaldado polas doce membros do organismo, declarou que a crise exige diálogo e non confrontación, instando para iso ao Goberno español e á Generalitat de Catalunya a renovar o seu compromiso de resolución a través do diálogo.

A reiterada e dificilmente explicábel concatenación de erros por parte dos responsábeis políticos do PP, coa actuación imposible e desmesurada de procesar a máis de 700 alcaldes e alcaldesas, continuaron coa rotunda afirmación e convicción de que non ía a haber urnas nin referéndum, levou aos responsábeis políticos do PP a levar á Policía estatal e a Garda Civil a unhas actuacións violentas e desproporcionadas, inúteis en máis de 2.000 colexios electorais con importante participación da cidadanía. A orde dada ás 13 horas do 1-O de retirar os efectivos policiais foi o claro recoñecemento do que dicimos, provocado polas imaxes que deron a volta ao mundo, non polo desmesurado, arriesgado e inútil da actuación policial.

Non podemos admitir que o PP empregue a solidariedade con axentes e efectivos policiais, pois en realidade o que pretende un perspeto para ocultar os erros políticos cometidos.

Por iso, presentamos a seguinte **Emenda e proposta de Acordo**

O Pleno da Corporación insta ao Goberno do Estado a exercer o diálogo para resolver a crise en Catalunya, e lamenta as situacións de violencia que afectaron á cidadanía e corpos de seguridade cidadá pola irresponsabilidade política do goberno do Estado.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017



Concello de Vilasantar
(Rúa s/n 15807 Vilasantar-Galiza)
www.vilasantar.com

ACTA Nº 2017/07
PLENO XOVES 19 DE OUTUBRO DE 2017

Anexo III



MOCIÓN PAZO DE MEIRÁS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposta, para o seu debate en Pleno, ao Pazo de Meirás e á Fundación Francisco Franco.

Exposición de motivos

O anuncio de decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza, no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impunidad con que se move quen fa apo xia do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apología da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro– da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posibles pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergenza que supón que a familia Franco sexa aínda dona durha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a converta nun parque temático de exhalación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisible que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posible pola ramplividade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consintan, amparan e protexen a falta de impunidade e o parque temático franquista en que se convertiu o Pazo de Meirás.